

## Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Este libro gustoume xa que, ademais de seguir un relato, tamén nos informa sobre distintos temas importantes da adolescencia. Paréceme moi importante que trate estes temas: Sexualidade, Métodos anticonceptivos... Do mesmo xeito, as partes da narración nas que Flanagan conta a súa vida tamén serven como vía informativa propiciándolle ao receptor diversas experiencias nas que cadaquén se pode sentir identificado. Por outra banda, a linguaxe é máis coloquial nas zonas dialogadas e experiencias propias e máis científica nas partes informativas. E ao compartir connosco experiencias persoais, o diario aparece nun formato máis familiar: con diálogos, enquisas, debates... Malia todo, as fontes de información son fiábeis: doutores, mestras... Cousa moi importante, xa que moitas veces acontece que de preguntarmos a xente equivocada, informámonos mal. Polo de agora penso que están resoltas moitas das dúbidas que tiñamos e que ás veces non ousamos preguntar. Por iso, penso que este libro é unha boa fonte de información. Todos podemos ser Flanagan. **(Paula)**

2. O libro gustoume moito xa que me parece moi adecuado para a nosa idade e nos resolve dúbidas que non nos atreveríamos a consultar cun adulto. Por unha banda, o que máis me gustou foi a sinceridade coa que o protagonista expresa todos os seus sentimentos, as súas preocupacións, o que lle está a pasar pola súa cabeza neses momentos... Resulta moi familiar para o lector. Ademais, a pesar de que o libro sexa bastante longo resulta moi doado de ler, xa que os temas que trata (sexualidade, amor, enfermidades de transmisión sexual, métodos anticonceptivos...) están moi presentes nos pensamentos dos xoves de hoxe en día e cómpre estarmos ben informados antes de que poida suceder calquera desgraza. Para finalizar, destacar que a fonte de información é totalmente fiábel. Podemos confiar completamente nas respostas ás preguntas de Flanagan que figuran no libro. Moitas veces temos unha idea equivocada do que é o sexo polo simple feito de estarmos mal informados. Na miña opinión, se este non fose un tema tabú na sociedade, os adolescentes estaríamos mellor informados e non habería tantos problemas (enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados...) como os que están a suceder hoxe en día. **(Carmen)**

3. O libro pareceume moi interesante e gustoume moito, xa que os temas do que nos fala (a sexualidade, a homosexualidade, os métodos anticonceptivos, os xenitais, etc.) forman parte da nosa vida e son inevitábeis; cousas que temos que ter en conta durante toda a vida. Ademais, como foi contado por un rapaz, é moi interesante a opinión dende a súa perspectiva, por exemplo sobre a experiencia da súa primeira vez, a sensación que tivo, etc., para facer unha diferenza cunha rapaza (a de Carlota). Os debates que fixeron pareceronme moi interesantes e chamoume atención sobre todo os argumentos empregados polos alumnos, que con frecuencia pensamos que sabemos moito e que en realidade non sabemos tanto como pensabamos. En comparación co o de Carlota, gustoume máis o outro, tanto a estrutura do libro como a forma en que foi redactada o relato. Pero, de todas as formas é un libro moi útil para os rapaces desta idade, xa que nos dá vergoña falar destes temas e, ademais, son posíbeis situacións que poidamos encontrar na vida actual. **(Xiling)**

4. O libro gustoume moito porque relata moi ben a época da adolescencia; pois danse temas como a amizade, a sexualidade, o amor... temas moi importantes para nós, os adolescentes. Por outra parte, coma no "Diario vermello de Carlota" une unha historia de amor-amizade, con distintas experiencias e informacións que poden ás veces resolver diversas dúbidas ao lector. Por outra banda, ao ler os dous libros, como é o meu caso, moitas partes resúltanme aburridas pois xa as lera no "Diario vermello de Carlota"; pero decidín ler o de Flanagan porque quería saber o que pensaba el en certos momentos, e a verdade quedei bastante abraiada porque moitas cousas non pensei que o rapaz pensaría así. A verdade, comparando os dous libros quedaríame co de Flanagan. Quizais porque os pensamentos de Carlota moitas veces eran evidentes a diferenza de Flanagan, pode ser polos "prototipos" de pensamentos que moitas veces poñemos aos rapaces. **(Paula)**

5. Este libro gustoume moito. Penso que é un acerto mesturar a historia dun adolescente e información fiable sobre temas tan actuais e tan presentes hoxe en día como son o amor, o sexo, métodos anticonceptivos etc. Ademais, ao estar tratados nunha linguaxe coloquial, estes temas poden lerse e falarse dunha maneira completamente normal, e non coma se fosen tabús. A historia de Flánagan e a súa maneira de contala gustoume moito e pareceume moi interesante. En definitiva, eu penso que tanto o "diario vermello de Flánagan", coma o de Carlota están moi ben, porque se hoxe en día a sociedade falase destes temas sen consideralos tabús, tódolos adolescentes estaríamos máis informados, e poderíamos solucionar as nosas dúbidas preguntándollas a calquera persoa adulta, sen avergoñarnos e sen preguntarlle a persoas que, ao mellor, non están ben informadas. **(Clara)**

6. Pareceume un libro moi entretido, que engancha dende a primeira lectura. Ademais, á vez que o lector vai seguindo a historia, a novela informa sobre temas moi interesantes para os adolescentes, e resolve dúbidas que quizais sería vergoñoso preguntarlle a un adulto. Aínda que o libro pode parecer longo, ten unha maneira moi sinxela de contar as cousas que fai máis fácil a lectura, tanto na parte narrativa coma na informativa. Lin tamén "O diario vermello de Carlota", e inclínome polo diario de Flanagan, xa que conta máis historias ademais da dos protagonistas. Aconsello que se lean os dous libros, xa que se pode apreciar os distintos puntos de vista das personaxes e reflexionar sobre o parecidas que son as opinións, aínda que parecese ao contrario nun primeiro momento. En conclusión, gustoume moito este libro e recoméndollo a calquera rapaz da miña idade. **(Teresa)**

7. O libro está bastante ben e reflicte todo dunha maneira moi realista. O que conta Flanagan no libro é o que lle pode ocorrer a calquera persoa, refírome ao tema do amor. Aemais o libro canto máis vas lendo máis se vai metendo ás explicacións do diario en temas máis importantes e axuda bastante, eu non tiña tan claro o das enfermidades de transmisión sexual. O final da historia eu xa sabía que ía pasar algo así xa que Carlota ... Outro detalle do libro é que o protagonista escribe un diario, ocórrelle un percal de amores e tamén investiga, que como se pode comprobar ao final descubre o caso do guaperas. É un pouco fantasma pero á vez dálle realismo ao libro xa que non se basea nunha historia de amor soamente. En resumo, o libro está ben, é como se un amigo día a día che contase os seus problemas, e un mesmo fai de doutor aconsellando. **(Manuel)**

8. Este libro gustoume, aínda que non tanto como o da moza. Tamén me gustou pola temática e pola forma de contalo. Neste libro gustoume máis a temática porque trata máis os temas que o outro apenas toca, como a prostitución e a violación. Tamén llo recomendo a todo o mundo, e sobre todo que lean os dous. **(M.Teresa)**

9. O diario vermello de Flánagan xa o lera en castelán hai moito tempo, ao igual có de Carlota, e ámbolos dous gustáronme moito a primeira vez, pero teño que confesar que esta vez quizais sentínme moito máis identificada, quizais sexa porque agora si teño a mesma idade dos protagonistas. A primeira vez que os lin gustárame máis o da rapariga pero porén, esta vez prefiro o del xa que contén moita máis información e cóntao dende un punto de vista novo para unha rapaza coma min que me fai reflexionar: " así pensan os rapaces?". En canto á historia, agora que xa se sabe as dúas perspectivas, unha dáse de conta do complicado que é o tema do sexo entre os adolescentes e, sobre todo pensas que o sabes todo cando en realidade non sabes nin sequera a metade. E se lle engadimos que a metade da metade do que sabes é falso... quedas en que case non sabes absolutamente nada. Emporiso está ben que na actualidade publiquen libros coma estes, que mesturan información cunha historia que lle pode pasar a calquera, que permite engaiolar ao lector e ao mesmo tempo informal. **(Enma)**

10. Como historia, paréceme un libro bastante interesante e divertido. Gustoume moito o detalle de ver como

contaba as cousas Flanagan dende o seu punto de vista e logo ler como as contaba Carlota doutra maneira distinta. Un dos diálogos do libro que me pareceu máis simpático foi cando Flanagan foi comprar condóns á farmacia e ver o nervioso que estaba. Como libro de información pareceume moi instrutivo e apropiado para os mozos e mozas da nosa idade, pois coido que as fontes son fiables. Recomendaría que todos os rapaces destes anos leran o libro para informarse e desenganarse sobre algunhas cousas que non saben ou cren saber. (**Darío**)